

ASF-Galicia

Memoria de actividades 2007

Proxectos de desenvolvemento.

CENTRO DE ATENCIÓN RURAL AS COMUNIDADES MAPUCHE

Contraparte: CENTROS CULTURALES MAPUCHE

Responsable do proxecto: ERNESTO CID SUEIRO

O proxecto financiose na súa totalidade con fondos do COAM. A mediados de novembro do 2006 pónse en marcha o proxecto aproveitando unha primeira viaxe de control por parte do responsable do proxecto. A día de hoxe, a obra atópase finalizada.

INFORME SOBRE A MISIÓN EXPLORATORIA AOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS E A TIFARITI

Entidade colaboradora: CONSELLARÍA DE VIVENDA E SOLO DA XUNTA DE GALICIA

Responsables: ERNESTO CID e CARMEN GARCÍA

Durante a segunda semana de xaneiro faise entrega á Consellería do informe da Misión exploratoria (que se adxunta),

Desaconsellamos a construción das vivendas nas condicións plantexadas inicialmente pola Consellaría, incidindo na liña de traballo de ASF:

Calquera proxecto que a Demarcación de Galicia quera levar a cabo na zona debe ser aprobado polo Comité de Iniciativas da asociación (órgano no que están representadas todas as demarcacións territoriais da asociación e a Xunta Directiva), deberá xerar o desenvolvemento local, contar co apoio e participación da poboación beneficiaria e as autoridades locais, fomentar a capacitación das persoas directamente implicadas no proceso de construción e na participación da muller. Deberá así mesmo fomentar a incorporación de enerxías renovables e ser sostible tanto desde o punto de vista medioambiental como no da súa xestión.

O 27 de febreiro a Consellaría pónse de novo en contacto connosco, comunicándonos que están dispostos a colaborar según a nosa liña de traballo.

O xoves 8 de marzo mantivemos una entrevista con Sabela Lorenzo, técnica de Enxeñería Sen Fronteiras no Sahara para que nos informe sobre o seu plantexamento de traballo na zona en vías a unha posible futura colaboración no proxecto se a Demarcación de Galicia decide seguir adiante co mesmo e este é aprobado polo Comité.

ESF notificanos a súa decisión de non intervir polo momento na zona de Tifariti, continuando coa súa actual liña de traballo nos campamentos.

O 16 de maio Carmen García e Susana Rodríguez reunense con Encarna Otero, *Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda*, transmitíndolle as dúbidas que existen sobre calquera tipo de intervención no asentamento de Tifariti. Proponénselle traballar nos campamentos, en temas de capacitación e mellora das técnicas constructivas; ela acepta. Entre as dúas partes començanse a esbozar as bases do futuro proxecto que desenvolverá o grupo de traballo.

Establecemos contacto coa demarcación de Andalucía, para traballar de forma coordinada en territorio Saharaui.

Nestos momentos o proxecto atópase paralizado.

Comunicación

CHARLA sobre a PAZ, a exposición de SEBASTIAO SALGADO, os DERECHOS HUMANOS, ASF e as ONGs

SUSANA RODRÍGUEZ ALEMPARTE, vocal de Comunicación da Xunta Directiva

CPI de Lousame-A Coruña, 6 de febreiro, con motivo da Semana da Paz

ENTREVISTA EN RADIO FUSIÓN

CARMEN GARCÍA GONZÁLEZ, presidenta da demarcación de Galicia

Santiago de Compostela 6 de febreiro

A COOPERACIÓN GALEGA EN CENTROAMÉRICA

Xornadas organizadas pola Asamblea de Cooperación pola Paz na facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago os días 23 e 24 de outubro.

Participantes por parte de ASF-Galicia: CARMEN GARCÍA GONZÁLEZ coa ponencia *Hábitat nas comunidades indíxenas na Costa Sur de Guatemala*.

ENTREVISTA EN RADIO FUSIÓN

CARMEN GARCÍA GONZÁLEZ, presidenta da demarcación de Galicia

Santiago de Compostela 21 de novembro

Formación

CONSTRUIR RESISTENCIA

Xornadas organizadas por ASF-ANDALUCÍA os días 3 e 4 de febreiro de 2007 en Sevilla
Asistentes: DOLORES TOBÍO, ERNESTO CID e CARMEN GARCÍA

FORMULACIÓN de PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL ao DESARROLLO e ENFOQUE do MARCO LÓXICO

Curso organizado pola Secretaría Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia os días 16, 17, 23 e 24 de febreiro en Santiago de Compostela
Asistentes: DOLORES TOBÍO

XESTIÓN DO CICLO DO PROXECTO

Seminario organizado por IYE innova e evalúa, Xunta de Galicia e Cooperación Galega do 22 ao 24 de febreiro en A Coruña
Asistentes: JAVIER FRAGA

XESTIÓN DO CICLO DO PROXECTO E CONSIDERACIONS OPERACIONAIS PRÁCTICAS

Seminario organizado por IYE innova e evalúa, Xunta de Galicia e Cooperación Galega do 26 ao 28 de febreiro en Vigo
Asistentes: ERNESTO CID

FORMULACIÓN DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN

Curso organizado pola consultora de ONGs Algalia os días 26 e 27 de febreiro en A Coruña
Asistentes: LARA MEDÍN

XESTIÓN DO CICLO DO PROXECTO: CUESTIONS OPERACIONAIS BÁSICAS

Curso organizado por IYE innova e evalúa, Xunta de Galicia e Cooperación Galega do 22 ao 24 de marzo en A Coruña
Asistentes: LARA MEDÍN

TECNOLOXÍAS, MATERIALES E SOLUCIONS LATINOAMERICANAS DE BAIXO COSTE FRENTE AO PROBLEMA DA VIVENDA E A HABITABILIDADE BÁSICA.

Seminario organizado polo Instituto Torroja e o CSIC os días 10 e 11 de maio en Madrid
Asistentes: CRISTINA NIETO, DOLORES TOBÍO, LARA MEDÍN e JAVIER FRAGA

Sensibilización

CAMPAÑA INDÍXENAS

Comenzaronse a trazar as liñas da campaña, da que a primeira actividade consistirá nunha serie de charlas impartidas por toda a Comunidade Autónoma e dirixidas a diferentes colectivos (estudantes, terceira idade,...). A campaña, inicialmente, centrarase nas comunidades maias e mapuches, coas que ASF-Galicia ten realizado os seus últimos proxectos de cooperación. Está previsto que un membro de ambas dúas comunidades se desplace a Galicia para participar na campaña.
As actividades da campaña realizaranse no 2.008.

V ENCONTROS DE ARQUITECTURA

Voluntarios da demarcación colocaron un stand informativo e de venda de produtos da asociación nos *V Encuentros de Arquitectura* celebrados no Pazo de Congressos de Santiago de Compostela os días 8, 9 e 10 de novembro.

MESA DE NADAL NA ETS DE ARQUITECTURA DA CORUÑA

Organizada polo grupo de socios e voluntarios, estudantes da Escola de Arquitectura do 17 ao 20 de decembro do 2007

Preténdese informar sobre o traballo da asociación aos estudantes, profesores e persoal da Escola de Arquitectura, mediante a distribución de material informativo e venda de material co seguinte resultado:

Postais soltas:	150 unidades
Pack postais:	6 unidades
Postais anos anteriores:	12 unidades
Lápices:	26 unidades
Metros:	11 unidades
Resumen proxectos:	13 unidades
<i>La arquitectura de las palabras:</i>	13 unidades
<i>En la ciudad blanca:</i>	3 unidades
<i>Los objetivos del milenio:</i>	2 unidades
Camisetas Mariscal:	18 unidades
Camisetas entrada libre:	19 unidades
Donativos	

Plan Estratégico

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO

Madrid, 20 e 21 de xaneiro 2.007

Asistentes: LARA MEDÍN, SUSANA RODRÍGUEZ e MIGUEL SERRANO

REUNIÓN DE DEMARCACIÓN

O 28 de marzo para debater o primer borrador do Plan Estratégico

Cooperación local

COMISIÓN DE COOPERACIÓN LOCAL

Crease esta Comisión en A Coruña, formado por un grupo de socios e voluntarios de ASF que estudian na ETS de Arquitectura. Levaron a cabo un proxecto sobre a accesibilidade na Universidade da Coruña, estruturado en dúas liñas estratéxicas:

- Mellora das condicións físicas de accesibilidade na UDC, traballando con asociacións de minusválidos (COGAMI, ASPAYN) e organismos universitarios (ADI, OCV...)
- Concienciación e formación a alumnado da UDC, cunha formación máis técnica específica para o alumnado da ETSA. Para iso organizaronse uns obradoiros/xornadas participativos co obxectivo de que os estudantes de arquitectura teñan en conta os temas de accesibilidade desde o inicio do proceso proxectual arquitectónico.

PROXECTO CANGUNG (Condicións de Accesibilidade nos Campus Universitarios de Galicia)

O seu obxectivo é a identificación das condicións de accesibilidade dos Campus Universitarios de Galicia, elaborando para cada un deles unha Guía das condicións de accesibilidade coa finalidade da posterior adaptación das instalacións á normativa vixente.

Recollida de información sobre a accesibilidade da Universidade de A Coruña coa que se realiza unha base de datos.

Reunión co Vicerrector de *Infraestruturas e Xestión Ambiental* da UDC, Xosé Lois Martínez Suárez, para potenciar a redacción dun *Plan Integral de Accesibilidade na Universidade*.

Inicio da *Guía de Accesibilidade da UDC*.

ENTRADA LIBRE.. XORNADAS DE ACCESIBILIDADE NA ARQUITECTURA

Co obxectivo de que os alumnos da ETSAC interioricen o tema de accesibilidade e o teñan en conta desde o principio do proceso de proxecto, organizáronse, con grande éxito, unhas xornadas nas que os participantes identificaron na propia Escola as barreiras á accesibilidade para os colectivos con diversidade funcional (motora, visual e auditiva), e facendoas visibles mediante múltiples intervencións, propoñendo e construindo solucións que exemplifiquen a transformación dun espazo en accesible.

As intervencións quedaron varios días instaladas na ETSAC, para que o resto dos usuarios da escola fora consciente das dificultades de accesibilidade e as súas posibles solucións.

O obxectivo foi que, durante dous días, a Escola se transformara nun laboratorio de solucións, exemplos, ideas, construcións, prototipos... arredor do tema da accesibilidade universal.

Organizadas na ETSA da Coruña os días 3 e 4 de maio.

Financiadas por ASF e a ETSAC

Coa participación de ASPAYM (Asociación de Parapléxicos e grandes Minusválidos), COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos), FAXPEGA (Federación de asociacións de sordos do país galego), ONCE, Foro de Vida Independente, profesores da escola.

GUIA PRÁCTICA SOBRE ACCESIBILIDADE

Naceu coa vocación de convertirse nun manual de consulta útil, práctico e de fácil lectura e manexo, para que a accesibilidade sexa un tema transversal no proceso do proxecto arquitectónico desde o inicio deste. O obxectivo último é que estas necesidades sexan asumidas e interiorizadas polos arquitectos como un elemento que, lonxe de limitar as posibilidades creativas, garantan uns dereitos a unha poboación tradicionalmente discriminada.

Dun modo principalmente gráfico, define os principais requerimentos para que calquera intervención proxectada sexa accesible a todos os usuarios, sen ter que estar especificamente deseñada para persoas con mobilidade reducida. Non se trata polo tanto dun compendio de todas as prescricións desexables, nen sequera de todas aquelas as que obriga a lei, se non de facer un documento de primeira consulta que non descarte unha profundización posterior no tema.

Publicáronse 2.000 exemplares que se repartiron entre os colegiados da delegación do COAG en A Coruña, os asistentes ás xornadas e os estudantes da ETSA, financiados pola delegación do COAG en A Coruña.

Contactase co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, colectivos de médicos e asociacións de discapacitados para realizar unha nova edición e ampliar a difusión da guía.

ASF-Internacional

O cooperante italiano, Matteo Putinati, que chegou á Demarcación a través de ASF-Internacional, traballou no grupo de Cooperación Local. A súa labor consistiu en introducir datos nun programa que nos facilitou COGAMI dentro do proxecto CANCUNG, facer unha análise gráfica das barreiras da ETSAC, apoiar aos voluntarios na organización das xornadas ENTRADA LIBRE en temas administrativos e elaborar un CD resumo das devanditas xornadas facendoo chegar aos que participaron nelas.

Outros

ASAMBLEA ANUAL DA DEMARCACIÓN

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2.007



ASAMBLEA ANUAL DA COORDINADORA GALEGA DE ONGs

Neda, 26 de maio de 2.007

Asiste Cristina Nieto Peñamaría